

Bloque 3. Tema 26.

Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril

O proceso de industrialización

O desenvolvemento industrial en España presentou fortes desequilibrios rexionais, convivindo zonas industrializadas e urbanizadas con outras atrasadas e rurais. España experimentou un **desenvolvemento industrial tardío e incompleto**. Entre os factores que lastraron o despegue industrial están a **febleza do mercado interior derivado das baixas rendas campesiñas** (que eran maioría da poboación española), a **falta dunha burguesía emprendedora**, a **carencia de excedente de capital** e o emprego deste na compra de terras en lugar de dirixilo ao investimento industrial; a **dependencia tecnolóxica e enerxética** do exterior e unha **situación política convulsa** pouco propicio para o desenvolvemento económico.

Cataluña constituiu a **principal zona industrial de España**. O seu desenvolvemento estivo fortemente ligado ao sector téxtil, que vivía do monopolio no comercio coas colonias e que foi constantemente renovado coa introdución de algodón, a mecanización das tarefas, o emprego dos novos motores mecánicos, o reinvestimento dos capitais obtidos e o espírito empresarial dos burgueses propietarios das fábricas. A pesar dunha crise inicial debido a perda das colonias e a competencia cos produtos ingleses, comeza a medrar a partir de 1830, cando se introduciron as máquinas de vapor (a fábrica “El vapor”, da familia Bonaplata, introduciu a primeira, e pouco despois vivirá a primeira experiencia ludita en España en 1835, debido a que os traballadores culpaban ás máquinas do deterioro da súa calidade de vida). Despois, malia algunhas crises puntuais, a industria téxtil catalana seguiu crescendo ao longo do século XIX, destinando a súa produción fundamentalmente ao mercado interior e as colonias de Cuba e Filipinas.

Debido ao crecemento económico, a burguesía fortalecerase e abrazará as teses do nacionalismo catalán, desenvolveranse fortes institucións financeiras como o Banco Sabadell e comeza a facerse presente a corrente artística do modernismo a través de figuras como Antoni Gaudí que, en representación do poder burgués, cambia totalmente a linguaxe arquitectónica.

Andalucía e a zona Levante tiveron en común un **inicio industrialización temperán** no sector siderúrxico e téxtil, pero **non tivo continuidade**, reorientándose cara a potenciación do sector agrario. No caso andaluz, creáronse xa no primeiro terzo do século XIXos primeiros altos

fornos españois, sobre todo na zona de Málaga, aproveitando a presenza de ferro da zona. Sen embargo, o uso de carbón vexetal para o proceso de fundición encareceu o prezo final do ferro forxado, convertíndoo en pouco competitivo. Debido a isto, a súa produción entrou en crise en favor de Asturias.

Pola súa parte, **Asturias e País Vasco tiveron como sector clave na industrialización a siderurxia vinculada a explotacións mineiras.**

No caso asturiano a presenza de carbón, moi protexido polo Estado, daría lugar aos altos fornos de La Felguera na zona da cunca mineira. Sen embargo, o carbón de Asturias non era competitivo a longo prazo, xa que era difícil de explotar (minas soterradas) e de baixa calidade (pouco potencial calorífico), polo que o seu crecemento será artificial, amparado en medidas proteccionistas implantadas polo Estado.

No caso vasco, a relación con Inglaterra foi clave ao intercambiar o ferro das minas de Biscaia con carbón galés, establecendo unha relación comercial clave para potenciar o sector naval. Na siderurxia vasca, característica da Segunda Revolución Industrial, destaca a produción de aceiro debido á abundancia de ferro de boa calidade en torno á ría de Bilbao, converténdose así esta zona no centro da siderurxia española. Relacionadas con este sector desenvolvéronse tamén unha forte industria química e metalúrxica de transformación, coa fabricación de todo tipo de máquinas e motores, destacando a construción naval.

A presenza de sectores moi demandantes de capital favoreceu a **creación dun sector financeiro moi potente** (Banco de Bilbao, Banco de Vizcaya...). Vencellado a este desenvolvemento industrial e financeiro chegou o crecemento dunha forte burguesía que daría músculo ao desenvolvemento do nacionalismo vasco.

En Galicia o panorama industrializador era moi pobre debido á competencia doutras zonas. O liño, materia téxtil por excelencia, non resistiu a competencia do algodón e foi desaparecendo, mentres que a **salgadura da pesca deu lugar a unha importante industria conserveira** de peixe (incluso haberá unha industria baleeira baixo control de capital catalán, como a familia Massó). Cabe destacar tamén o crecemento da **construción naval** (sobre todo en torno a Vigo e Ferrol) e o desenvolvemento da produción hidroeléctrica aproveitando a abundancia de cursos de auga.

No lento e tardío proceso de industrialización de España influíu a **inexistencia dun mercado interior ben artellado**. Para solucionalo, a lexislación liberal aboliu os obstáculos legais contrarios á liberdade de circulación e produción de bens (supresión de aranceis interiores, unificación de pesos e medidas...) e procurou a construción de mellores vías de comunicación para conseguir un mercado interior cada vez máis integrado.

⚡ introdución do ferrocarril

Especialmente importante neste proceso foi a **introdución do ferrocarril** en España, o que era un símbolo de progreso e modernización. O primeiro ferrocarril inglés adicado a transporte de viaxeiros foi inaugurado en 1830, e a primeira liña en territorio español foi tendida na illa de Cuba (liña entre La Habana e Bejucal, en 1837). Sen embargo, na España peninsular o ferrocarril non chegou ata **1848, coa inauguración dun pequeno tramo entre Barcelona e Mataró**.

A **Lei xeral de ferrocarrís de 1855** viu a poñer orde no proceso de adxudicación da construción e explotación dos tramos de vía, o que impulsou o investimento cara este sector tanto de capital interior como estranxeiro. De feito, cabe sinalar que a desamortización de Madoz perseguía sobre todo a obtención de recursos para financiar a construción deste medio de transporte.

Deseñouse un **trazado radial** desde Madrid ata os puntos extremos da periferia cun ancho de vía maior que o europeo, debido ás características orográficas do terreo, ocasionando problemas á hora de unilas con trazados europeos, máis estreitos. A construción e explotación das liñas podía ser realizada polo Goberno ou por compañías privadas, entre as que destacaron a Compañía de los ferrocarriles de Madrid a Zaragoza y a Alicante (MZA) ou a Compañía de los Caminos de Hierro del Norte de España (a “Norte”).

Para facilitar a construción dos ferrocarrís, o Estado concedía vantaxes aos inversores privados e para o seu financiamento contou con **tres fontes de recursos: a subvención estatal, o capital dos accionistas e o líquido das obrigacións que emitían as propias compañías ferroviarias**.

Na construción dos trazados ferroviarios diferéncianse **varias fases**:

- **Antes de 1855**: só se construían 440 km de liñas ferroviarias repartidos nas zonas de Barcelona, Madrid e Asturias.

- **1855-1865:** construción, a bo ritmo, das principais vías, gracias ao apoio estatal e aos investimentos estranxeiros (especialmente franceses).
- **1866-1876:** paralización da construción de novas vías porque non se produciron os beneficios esperados, debido ao atraso xeral do país.
- **1877-1895:** relanzamento da construción ferroviaria realizada polas grandes compañías que explotaban as respectivas zonas de concisión do servizo.
- **1896-1936:** continuou a tendencia anterior de construción de novas liñas, pero con moita lentitude.

O papel do ferrocarril no desenvolvemento económico de España é **obxecto de controversia** entre os historiadores. Para uns foi considerable pois, nun país con graves dificultades orográficas, permitiu a comunicación interior e facilitou o transporte de mercadorías. Para outros, os efectos foron inferiores dos que se podían esperar debido á mala política estatal que permitiu a importación de material ferroviario, con grave prexuízo para o desenvolvemento do sector siderúrxico español.